

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA PARA O EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ENTORNO DO RÍO MERO

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, de 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no artigo 4 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Doutra parte, Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española

Segundo. Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de



Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: previr o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

Terceiro. O 27 de novembro de 2002 a Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte, organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, subscribiron un convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”.

O convenio enmárcase no ámbito dun plan de restauración hidrolóxico e de protección e rexeneración de canles e enclaves naturais que o Ministerio de Medio Ambiente puxo en marcha e que tiña por obxecto a execución dunha actuación de restauración hidrolóxico-forestal e de recuperación e mellora de distintas áreas incluídas no “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”.

Segundo o convenio, correspondía á Confederación Hidrográfica do Norte a aprobación do proxecto e a execución das obras, que foron financiadas pola dita confederación hidrográfica e por Augas de Galicia.

O convenio establecía unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado no caso de non ter finalizado as actuacións e na cláusula oitava prevía que *“unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu uso público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que, a partir deste intre, farase cargo, a todos os efectos, da mesma”*.



O 5 de xullo de 2007 a Confederación Hidrográfica do Norte comunicou á Consellería de Medio Ambiente que o 7 de xuño de 2007 se realizara a recepción das obras obxecto do convenio, manifestando na dita comunicación que a partir da data da recepción resultaba de aplicación a cláusula oitava do convenio.

Quinto. Na data en que se asinou o convenio estaba en vigor o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, que sinalaba que esta era o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle correspondía o exercicio das competencias e funcións que en materia de medio ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10.º, 11.º, 15.º e 30.º e 29.4.º do Estatuto de Autonomía para Galicia e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre protección ambiental de Galicia.

Segundo este decreto, a Consellería de Medio Ambiente contaba para o desempeño das súas funcións, entre outros órganos directivos, coa Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza e tiña adscrita ao organismo autónomo Augas de Galicia.

Sexto. Dende o ano 2002, a estrutura orgánica da Xunta de Galicia foi modificada en distintas ocasións, estando vixente actualmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

Segundo este decreto:

- a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, conta entre os seus órganos directivos coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á que segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, lle corresponden as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras.



- a entidade publica empresarial Augas de Galicia está adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- a Consellería do Medio Rural contra entre os seus órganos directivos coa Dirección Xeral de Ordenación Forestal, á que segundo o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, lle corresponden as competencias e funcións en materia de política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Sétimo.- O artigo 4 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia regula a atribución da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de ordenación administrativa, planificación e xestión da auga superficial e subterránea, dos usos e aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral. E especificamente atribúe a Augas de Galicia, no ámbito da xestión das concas intracomunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca.

Asi mesmo, o artigo 23 do Texto refundido da lei de augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, atribúe aos organismos de conca o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do organismo e as que lles sexan encomendadas polo Estado.

Oitavo. Á vista das actuais competencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Augas de Galicia, resulta necesario formalizar que Augas de Galicia asume as obrigas que, trala recepción das obras incluídas no “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)” lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do convenio asinado o 27 de novembro de 2002, co fin de adecuar o exercicio de ditas competencias á actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Esta formalización tamén resulta necesaria toda vez que, no exercicio das competencias que ten atribuídas, Augas de Galicia xa ven realizando determinadas actuacións de conservación e mantemento das obras indicadas.



Noveno. O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público establece os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións públicas e o artigo 99 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia prevé a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poidan celebrar convenios co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre elas nun determinado ámbito.

Polo que, sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto que Augas de Galicia asuma as obrigas que, trala recepción das obras, lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do Convenio para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”, asinado o 27 de novembro de 2002.

Segunda. Obrigas das partes

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda entrega a Augas de Galicia a obra obxecto do Convenio para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”.

Augas de Galicia asume as obrigas que lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do Convenio para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”.



Terceira. Vixencia

Este convenio producirá efectos dende a súa sinatura.

Cuarta. Natureza e xurisdición

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

Quinta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Sexta. Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

